




REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 16/03/2017 10:22:52

SAÍDA 25403 / RX 450620



SUSPENSIÓN DO PRAZO PARA RESOLVER A SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA PRESENTADA POR D. MIGUEL ANGEL DELGADO GONZÁLEZ AO ABEIRO DO ARTIGO 27 DA LEI 1/2016, DE 18 DE XANEIRO DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO.

I.- O 14 de febreiro de 2017 tivo entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia rexistrada co número **2017/337568** a solicitude de acceso á información pública de D. Miguel Angel Delgado González ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Tal solicitude recibíuse nesta Asesoría Xurídica Xeral o 16 de febreiro de 2017.

II.- O obxecto da consulta de acordo coa citada solicitude é: *“Petición de información de derecho público sobre letrados y compatibilidades.”*

Engade a solicitude na Motivación:

“PRIMERO.- Relación completa y actualizada de quienes formen parte del cuerpo de letrados de la Xunta de Galicia y su Asesoría Jurídica, se encuentren en activo, o en excedencia, todos los que tengan concedida cualquier tipo de compatibilidad.

SEGUNDO:- Informe de cada compatibilidad de letrados de la Xunta de Galicia actualmente en vigor, en el que se precise la fecha en la que se concedió y actividades que se autorizan.”

III.- De acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno cando as solicitudes se refiran a información que afecte a dereitos e intereses de terceiros, o órgano encargado de resolver concederlles un prazo de quince días para que poidan formular alegacións.

O traslado da solicitude á persoa afectada producirá a suspensión do prazo para resolver ata que se reciban as alegacións ou transcorra o prazo concedido para a súa presentación.

IV.- En data de 16 de marzo de 2017 por parte desta Dirección Xeral se resolveu dar traslado ás persoas afectadas respecto da información relativa ao segundo apartado da solicitude de acceso referido ao *“Informe de cada compatibilidad de letrados de la Xunta de Galicia actualmente en vigor, en el que se precise la fecha en la que se concedió y actividades que se autorizan”*.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Polo exposto,

Comunícase o citado traslado da solicitude ás persoas afectadas e por conseguinte a suspensión do prazo para resolver ata que se reciban as correspondentes alegacións ou transcorra o prazo concedido para a súa presentación.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

O Director Xeral da Asesoría Xurídica.

Mandel Pillado Quintáns.



D. MIGUEL ANGEL DELGADO GONZÁLEZ.